



C.P. I de PANXÓN


Rúa Camiño dos Lagos nº 1 / 36340 Panxón (Nigrán)
Tfno./Fax: 926 814031 email: cpi.panxon@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/cpipanxon/>

PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO

CURSO 2012/2013

Índice de Contidos

0. Introducción	3
1. O entorno do centro	6
1.1. Indicadores Xeográficos	7
1.2. Indicadores Demográficos	7
1.3. Indicadores Socioeconómicos	8
1.4. Indicadores Socioculturais	8
1.5. O Centro e os seus Recursos	9
1.5.1. Recursos materiais	10
1.5.2. Recursos humanos	10
1.6. Actuacións Pedagóxicas Derivadas do Estudo do Entorno	11
2. Principios e Valores	13
3. Oferta Educativa e Obxectivos Xerais das Programacións Didácticas	16
3.1. Obxectivos Xerais de Educación Primaria	17
3.2. Obxectivos Xerais de Educación Secundaria	19
4. Resposta á Diversidade	21
4.1. Medidas Xerais	22
4.2. Medidas Ordinarias	24
4.3. Medidas Extraordinarias	25
4.4. Medidas de Asesoramento Especializado	26
4.5. Coordinación Socioeducativa	28
4.6. Criterios sobre Medidas de Tutoría	29
5. Coordinación e Colaboración	31
6. Compromisos e Rendemento Escolar	35
7. Xornada Escolar	38
8. Servicios Complementarios	41
9. Plan de Autoavaliación	43
Carta de Convivencia	



0.

Introducción

O Proxecto educativo que a continuación se desenvolve, configúrase como un plan de convivencia que define os principios educativos que regulan a vida do centro e establece as liñas organizativas necesarias para o seu desenvolvemento.

Partindo da análise da situación do noso centro, do entorno social que nos rodea e dos medios cos que contamos, defínense uns obxectivos educativos e unhas estratexias xerais de como acadalos.

Este documento pretende ser o punto de referencia básico que sirva de guía para un labor educativo global, entendido este como unha comunidade de intereses na que teñen que implicarse profesores/as, alumnos/as e familias. E, inda que cada sector posúa uns obxectivos e uns dereitos e obrigacións específicos en moitos aspectos, debe perseguir un fin común: alcanzar a formación integral do alumnado, axudándolles a conseguir a plena integración social e a participación activa e positiva na vida en comunidade.

O Proxecto Educativo é un documento aberto. Isto significa que a experiencia diaria vainos permitir verificar o grao de satisfacción da súa posta en marcha e levar a cabo os cambios necesarios impostos pola realidade cotiá. Polo tanto, a súa revisión periódica por parte de todos os sectores da comunidade educativa do centro, é un elemento ineludible se queremos que, de verdade, este documento sexa útil nun futuro.

Como tal, o Proxecto Educativo está formado por varios documentos, cada un deles con identidade suficiente como para editarse por separado, inda que todos, en conxunto, formen parte del. Son estes:

- A Carta de Convivencia do centro**, na que se expresan os principios e valores que orientan a convivencia do colexio.
- As Normas de Convivencia, Organización e Funcionamento do centro**, que son o marco de referencia para a vida diaria do centro.
- As Programacións Didácticas**, onde se pormenorizan os obxectivos a conseguir en cada área, nivel e etapa da vida escolar do alumno/a e que serven de patrón obrigado para todo o Claustro de Profesores/as.
- **O Proxecto de Xestión do Centro**, que inclúe o financiamento económico da actividade anual do colexio: presuposto e conta de xestión.

A todos estes hai que sumar dous, non menos importantes que, aínda que non estean a formar parte do Proxecto Educativo, si son a plasmación do mesmo curso a curso:

- **A Programación Xeral Anual**, cos obxectivos marcados para un curso escolar e
- **A Memoria de Fin de Curso**, a xeito de conclusión e que inclúe as propostas de mellora para o curso seguinte.

Polo tanto, e á vista do denso do Proxecto Educativo, a primeira actuación que deberemos acometer será estudar a nosa realidade como centro e sobre as conclusións dese estudo, delimitar que desexamos ser, que pretendemos conseguir e como o levaremos a cabo.

Pero xa podemos establecer a priori o seu carácter, para que nos sirva de guía na redacción de todos e cada un dos seus apartados. O noso Proxecto Educativo haberá de ser **participativo, motivador, consensuado, democrático, realista e comprometido con toda a comunidade educativa.**




1.

O entorno do centro

1.1. Indicadores Xeográficos

Panxón é unha parroquia do Concello de Nigrán pertencente á Comarca de Val Miñor. Conta cuns 3300 habitantes e está a unha altura de 40 metros sobre o nivel do mar. Localidade de tradición pesqueira, é hoxe, sobre todo na época estival, un destacado destino turístico. Conta cun porto pesqueiro e coa súa propia praia, unida ao extenso

areal de Praia América. Unha localidade que pese á voráxine urbanística de anteriores décadas, soubo conservar a súa peculiar mestura de sabor mariñeiro e de pobo de descanso da poboación Viguesa, xa que o micro-clima que lle proporciona a protección de Monteferro dos ventos do norte, e a



tranquilidade das súas praias, fai que moitos veciños de Vigo decidisen fixar a súa residencia aquí. Este crecemento fai que Panxón se estenda, montaña arriba, cara o este, ata xuntarse coa capital do seu concello: Nigrán. Crecemento de baixa densidade, pero responsable do cambio da fisionomía do seu entorno natural. Especial mención merecen os esforzos para salvagardar parte das dunas das praias.

Cunha superficie de 96 Kms², atópase situado no Concello de Nigrán, a 15 Km. De Vigo. Moi ben comunicado con localidades veciñas: Baiona, A Ramallosa, Gondomar.

1.2. Indicadores Demográficos

A localidade conta con case 3.000 habitantes, cun crecemento lento pero continuado nos últimos 20 anos, inda que con períodos de baixa matrícula, como ocorreu dende a nosa transferencia á Xunta de Galicia no 2007 e que nestes dous últimos anos está aumentando.

O aumento de poboación débese á inmigración latinoamericana fundamentalmente e a parellas xoves que sitúan a súa residencia habitual en Panxón, pero moitos deles aínda non teñen descendencia.

1.3. Indicadores Socioeconómicos

Durante os últimos anos, a enorme expansión de Vigo está influíndo tamén na actividade económica de Panxón, que se contaxiou do “boom” da construción de vivendas, o que repercutirá positivamente na súa poboación nos vindeiros anos. Moitas delas están ocupadas por familias que teñen o seu traballo en Vigo. Esta situación inflúe tamén na escolarización dos nenos/as no colexio, pois moitos dos matrimonios matricula aos seus fillos/as en colexios de Vigo que teñen comedor, o que lles dá unha maior autonomía na organización dos seus horarios laborais.

Por outro lado, a localidade tamén sufriu unha profunda evolución nas actividades e a ocupación da poboación. De ser un pobo eminentemente rural, con maioría ocupacional no sector primario (pesca), está a converterse nunha poboación maioritariamente ocupada polo sector servizos (turismo). Son poucas as familias que viven exclusivamente da pesca, pero os antigos pescadores ou seus descendentes seguen tendo relación co mar.

Unha grande cantidade de persoas da localidade teñen os seus traballos fóra de Panxón ben en polígonos industriais da zona, ben na administración ou en empresas situadas no casco urbano de Vigo. A ausencia de traballo en Panxón e a proximidade á Vigo, fai que non teñamos moita inmigración foránea. Así, non temos practicamente alumnos/as procedentes de outras nacionalidades e culturas (5%).

Outra nota destacada é a incorporación da muller ao mundo do traballo. Persoas sen cualificación laboral traballan en servizos de empregadas de fogar e tendas, e outras con cualificación, como administrativos, funcionarias, etc.

Como consecuencia desto, utilízanse aos familiares no labor de coidado dos nenos/as, inda que para os máis pequenos, a Galescola, liberou a estes, en parte, desa responsabilidade.

1.4. Indicadores Socioculturais

Panxón ten unha vida cultural moi pouco variada, as actividades redúcense a festas relixiosas, festas populares, eventos deportivos, etc. Unha nota destacable dende o punto de vista social, é o incremento do asociacionismo. Dende fai un tempo veñen xurdindo asociacións de xoves, amas de casa, xubilados, etc.,

O colexio, nestes últimos anos, está a facer un esforzo por promocionar as súas actividades de cara á poboación e xa conta con obradoiros como o de Alfabetización dixital para adultos en colaboración co CIM (Nigrán) e a festa coa que rematamos o proxecto de investigación anual que xa é todo un clásico, amén doutras actividades como o día do Libro, poesía ou o pasarrúas do Entroido. Mención especial ten a páxina web <http://www.edu.xunta.es/centros/cpipanxon/> e os diferentes blogs, verdadeiros escaparates do colexio a todo o mundo a través de internet. Tamén podemos comprobar cómo moitas familias (non todas as que desexáramos, que tamén hai que dicilo) comparten o seu interese polos asuntos escolares, asistindo a todo tipo de reunións e charlas, procesos electorais, etc. que enriquecen a comunicación entre o colexio e a localidade.

Por outro lado, a ANPA, é a encargada das actividades extraescolares dos alumnos/as do colexio fora do horario lectivo, converténdose nun aliada fundamental na educación dos nosos alumnos/as.

A Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as del colexio, e o Excmo. Concello colaboran co centro en distintas actividades ao longo do curso con medios persoais e económicos.

1.5. O Centro e os seus Recursos

O colexio atópase ubicado en tres edificios situados no mesmo recinto e compartindo espazos co “CEE de Panxón”. Debido a esta particular disposición, aprécianse algúns problemas:

- Desprazamento de alumnado e profesorado durante a xornada escolar, dun espazo a outro, coas conseguíntes molestias e perda de tempo, aspectos que xa se van subsanando sobre todo en EP.

O Centro reúne as condicións para sentirse como un colexio completo. Poder disfrutar das actividades dos pequenos e reciprocamente, os pequenos mirarse nos seus compañeiros maiores para aprender deles.

A convivencia entre todos, inda que con algún problema, permite as habituais charlas informais das que se obteñen proxectos novos, ánimos renovados e ilusións compartidas por levar a cabo actividades motivadoras para o alumnado.

Inda que pareza unha cousa sen importancia aparente, o simple feito de comer xuntos, tomar unhas cañas xuntos, xuntarnos sen un claustro por medio, afianza o sentimento de pertenza a un grupo con un obxectivo común.

1.5.1 Recursos Materiais

O equipamento é bo e, en xeral, suficiente.

Durante estes últimos cursos, mellorouse ostensiblemente a calidade e cantidade dos recursos dispoñibles grazas ás achegas da participación do Centro en diferentes programas de Innovación educativa e do presuposto do centro.

Realizouse un esforzo enorme na actualización tecnolóxica do colexio, dotando a todas as aulas de postos informáticos e acceso a internet. Creáronse redes específicas para o traballo administrativo do centro, e coas dotacións recibidas pola participación do Centro en ABALAR podemos considerarnos suficientemente preparados para o cambio metodolóxico no que estamos inmersos: 5 aulas Abalar, unha aula multimedia para as linguas, ordenador, canón e pantalla en todas as aulas do centro, salas de profesores/as dotadas adecuadamente, aula informática, ordenadores portátiles para todos os profesores, etc.

E inda que a tecnoloxía é a gran protagonista dos nosos días, reorganizando e centralizando moitos dos recursos que, ata hai uns anos, eran consultados utilizando outras ferramentas, o centro tamén conta con un extenso e variado fondo bibliográfico, que apoiado na biblioteca escolar, atopa a súa utilidade diaria na biblioteca de aula. Os máis de 4100 volumes do seu fondo cobren as necesidades de traballo no centro de maneira suficiente, inda que todos os cursos mellorase este para adaptalo ás necesidades reais dos distintos plans e programas que se levan a cabo no colexio.

En relación aos recursos económicos, o centro conta cunha dotación económica boa que comparte co CEE.

1.5.2. Recursos humanos

En canto ao profesorado, o centro está suficientemente dotado, aínda que para completar a plantilla tal como debe estar composta nun CPI falta un profesor/a de AL. A maioría do profesorado é estable polo que podemos dicir que contamos cunha plantilla fixa o que debería influír nunha boa coordinación metodolóxica.

Contamos tamén cunha administrativa a tempo total que realiza labores de apoio ao equipo directivo e unha ordenanza encargada das fotocopias, encadernacións, plastificado, recados. ...etc

1.6. ACTUACIÓNS PEDAGÓXICAS DERIVADAS DO ESTUDO DO ENTORNO

Para conseguir que os alumnos/as do colexio, obxectivo último do noso Proxecto Educativo, desenvolvan ao máximo as súas capacidades persoais, é necesario que o centro conte cun modelo claro de formación e convivencia. Estes dous ámbitos permitirannos, ao mesmo tempo que ensinamos adecuadamente, vivir nun entorno escolar cómodo e relaxado, onde aprender non só a ser competente en determinadas áreas, senón a convivir cos demais e a esforzarse por ser mellores día a día.

Sen embargo, para lograr estes obxectivos é imprescindible o apoio do resto da comunidade educativa. Fundamentalmente das familias que sen o seu interese e a súa colaboración non é posible. Para conseguir estes obxectivos, é necesario que o ámbito familiar conleve unhas pautas educativas en concordancia cos plantexamentos escolares, participando das orientacións educativas que dende o Centro se ofrecen.

Un importante número dos alumnos/as do colexio viven en entornos familiares normais que lles permiten adaptarse á vida do centro sen máis problemas. Pero tamén existen moitos casos onde os problemas escolares e/ou familiares requiren dunha atención especial por parte de todos.

Por iso, o Proxecto Educativo e os elementos que o conforman, deben de ser o suficientemente flexibles para poder adaptarse con garantías de éxito á diversidade de capacidades, intereses e motivacións que, influídas polas situacións familiares particulares, teñen cada un dos nosos alumnos/as.

Para favorecer estes obxectivos, o centro procurará:

- Intervir sobre o entorno do neno/a, sensibilizando ás familias para que participen no proceso educativo dos seus fillos/as.
- Abordar o fracaso escolar dende a corresponsabilidade familia-escola.
- Facilitar ao máximo todo tipo de experiencias escolares gratificantes e motivadoras, utilizando unha metodoloxía activa e participativa, tratando de evitar aquelas situacións que provoquen fracaso e frustración.

- Potenciar situacións de aprendizaxe de tipo práctico e adaptado á realidade.
- Estar sempre alerta ante os casos de alumnos/as que presenten algún tipo de problema para detectalo e abordalo o antes posible e propiciar a súa solución.
- Prever o absentismo escolar nos casos que se presenten, facendo un seguimento dos mesmos.
- Crear hábitos de estudo e de organización do seu tempo de estudo, ensinando a os alumnos/as as técnicas apropiadas.
- Establecer un clima de convivencia adecuado que permita aproveitar ao máximo o tempo adicado ao traballo escolar e facilite o desenvolvemento normal da personalidade do alumno/a dentro do grupo, evitando conductas que inflúan negativamente no resto.
- Fomentar unha cultura europea de integración acorde á educación actual nos distintos niveis educativos, promovendo a mobilidade e a coordinación entre distintos centros educativos.



2.

Principios e Valores

Os principios e valores que se enumeran abaixo, teñen como referencia a Constitución Española, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos e os tratados e acordos internacionais sobre educación e convivencia ratificados por España, cuxa concreción legal se inspira na normativa seguinte:

- ▣ Lei Orgánica 1/1992, do 5 de marzo, do dereito á educación (LODE)
- ▣ Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE)
- ▣ Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa
- ▣ Real Decreto 732/1995, de 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos/as e as normas de convivencia dos centros.
- ▣ Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.
- ▣ Orde do 3 de outubro de 2000 polo que se dictan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999 polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.
- ▣ Orde de 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 272006, do 3 de maio, de educación.
- ▣ Orde do 4 de xuño do 2012 pola que se modifica o artigo 4 da orde do 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente que imparte as ensinanzas reguladas na lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
- ▣ Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ▣ Circular 2008

O Proxecto Educativo do CPI de Panxón, inspírase nos seguintes **principios**:

- **Fomento dunha educación de calidade**, mediante a formación personalizada e integral dos alumnos/as en coñecementos, destrezas e valores, promovendo o espírito crítico, o esforzo, a liberdade, a autoestima e a creatividade.
- **Fomento da igualdade e non discriminación**, potenciando valores como a tolerancia, o respecto e a solidariedade cara os demais e a autonomía de pensamento.
- **Fomento de hábitos de comportamento democrático**, formando en valores como o pluralismo, a participación e a cooperación.
- **Fomento do respecto cara o entorno que lles rodea**, promovendo actitudes de defensa do medio ambiente e de preservación dos bens materiais que utilizan.
- **Fomento das relacións interpersonais**, así como as relacións co entorno social e cultural máis próximo, promovendo a participación de toda a comunidade educativa na vida do centro e na toma de decisións.
- **Fomento da dimensión educativa europea**, así como a coordinación entre os distintos centros europeos promovendo a mobilidade e a cidadanía europea activa.

En base a estes principios, o Centro compromete a súa acción formativa orientada polos valores que subxacen neles e co obxectivo de converterse nun aliado imprescindible das familias para continuar coa labor educativa integral dos seus fillos/as.



3.

Oferta e Obxectivos Xerais

O CPI de PANXÓN é de titularidade Pública, dependente da Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia e imparte os niveis de Educación Primaria e Educación Secundaria, o centro adscrito é a Escola de Educación Infantil de “As Dunas”.

Na actualidade (curso 2011/2012) conta cun total de:

- 3 unidades de Infantil (Centro adscrito)
- 6 unidades de Primaria
- 5 de ESO
- 2 PCPI modalidade C mixta
- 175 alumnos e 26 Profesores/as

Para a correcta planificación do traballo en ámbalas dúas etapas, o Claustro de Profesores deseñou programacións didácticas específicas para cada unha das áreas, cuxo obxectivo persegue a consecución das competencias básicas adaptadas aos niveis que desenvolvemos.

Ditas programacións didácticas, inda que forman parte do Proxecto Educativo do Centro como as Normas de Convivencia, Organización e Funcionamento do Centro, publícanse nun documento independente, para favorecer a súa consulta e avaliación continuada.

Non obstante, a continuación recóllense os obxectivos xerais de ámbalas dúas etapas e que son os piares das súas Programacións Didácticas.

3.1. OBXECTIVOS XERAIS DE EDUCACIÓN PRIMARIA

A etapa de Educación Primaria, contribuirá a desenvolver nos alumnos/as as capacidades que lles permitan acadar os seguintes obxectivos xerais:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudio, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relaciona.

- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferencias entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e de mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.
- e) Coñecer e utilizar de maneira axeitada a lingua galega, a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lle permita expresar e comprender mensaxes sinxelos e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos a situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer e valorar o seu entorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e de coidado deste, con especial atención á singularidade de Galicia. Coñecer a mulleres e homes que realizaron aportacións importantes á cultura e a sociedade galegas.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar e aprender a coidar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar a flora e a fauna, en especial a presente na Comunidade Autónoma de Galicia, e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, o valor da corresponsabilidade no traballo doméstico e no coidado das outras persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- n) Fomentar a educación vial e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

3.1. OBXECTIVOS XERAIS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás outras persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas outras persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes da información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse en máis dunha lingua estranxeira de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propia e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.

- k) Coñecer o corpo humano e o seu funcionamento, aceptar o propio e o das outras persoas, aprender a coidalo, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos do coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizar do diversos medios de expresión e representación.
- m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- n) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade.



4.

Resposta á Diversidade

Este capítulo do P.E.C. enumera os criterios e medidas que o centro planificou para dar resposta á diversidade. Do mesmo modo, apórtanse aquelas outras que fan referencia á orientación educativa, a titoría e os programas institucionais que desenvolve o colexio actualmente ou nun futuro.

4.1. MEDIDAS XERAIS

Criterios sobre repetición con plans específicos personalizados.

- Os alumnos que non teñan superado un 90% dos obxectivos do seu PTI, repetirán curso.
- Á hora de considerar a súa promoción, analizaranse tamén os factores concernentes á socialización e a adaptación do alumno/a.

Os plans específicos personalizados faranse nas seguintes circunstancias:

- ☞ Cando promocióne con áreas suspensas.
- ☞ Cando suspenda algunha área en algún trimestre, aínda sen ser repetidores.
- ☞ Cando repite curso.
- ☞ Cando son alumnos con necesidades educativas especiais (ver apartado de medidas extraordinarias).

Os plans específicos personalizados conterán, ao menos, os seguintes apartados:

- ☞ obxectivos,
- ☞ contidos,
- ☞ criterios de avaliación,
- ☞ competencias a alcanzar,
- ☞ procedementos de avaliación e organización do proceso de ensino-aprendizaxe.
- ☞ os obxectivos de traballo de AL e PT, se os houbera.

Estes plans serán elaborados polo titor en EP e na ESO polo profesor da materia nos Departamentos didácticos co asesoramento da orientadora. En EP no caso dos especialistas, serán eles os que axuntarán o plan de traballo ás aprendizaxes a alcanzar nas súas áreas.

As familias deberán estar informadas sobre todos os aspectos concernentes a dito plan de traballo.

Criterios sobre adaptación de materiais.

- Adaptaranse os materiais a todos os alumnos/as que non consigan seguir o ritmo normal de traballo do grupo-clase.
- Solicitarase ao Servizo de Inspección, materiais de acceso ao currículo (sistemas alternativos de comunicación, ordenadores adaptados, lupas, mesas adaptadas, punteiros con sinalizador...), para aqueles alumnos/as con discapacidade física, psíquica o sensorial.
- O profesorado poderá utilizar aqueles materiais recollidos no banco de recursos elaborado polo Departamento de Orientación e colgados no seu Blog <http://orientacioncpidepanxon.blogspot.com.es/>, para que sexan traballados polo alumno/a dentro do aula.
- Se houbera que elaborar materiais específicos para levar a cabo a avaliación do alumno/a, estes deberán ter como referencia as orientacións metodolóxicas establecidas no informe psicopedagóxico do propio alumno/a. No caso de que non proceda o informe, solicitarase asesoramento do Departamento de Orientación.

Criterios sobre coordinación de equipos docentes.

- Manteranse reunións ao inicio do curso para deseñar metodoloxías en común, así como para informar aos titores/as e ao resto do profesorado sobre as características persoais e familiares dos distintos alumnos/as. No caso de que o titor descoñeza esta información, invitarase tamén a participar na reunión ao titor/a que impartiu clases o curso académico anterior.
- Ademais das coordinacións trimestrais de avaliación, celebrarase polo menos unha reunión mais ao trimestre do profesorado que imparta docencia nese grupo, poderán solicitar mais reunións en función do desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado ou da análise de calquera outra circunstancia familiar que teña que analizarse.
- Os membros do Departamento de Orientación estarán presentes en ditas reunións, sempre que o contido das mesmas teña relación coas súas funcións.

Critérios sobre desdobres.

- Cando sexa necesario realizar un desdobre no mesmo nivel educativo, os grupos resultantes deberán ser heteroxéneos.
- No caso de que sexa necesario realizar desdobres de forma temporal, debido a dificultades en determinados contidos das diferentes áreas de aprendizaxe, os grupos resultantes tamén deberán ser heteroxéneos e, así mesmo, deberá existir unha estreita coordinación entre os responsables de ámbolos grupos, xa que deberán utilizar unha mesma metodoloxía, materiais, actividades, criterios de avaliación cos seus alumnos/as.

4.2. MEDIDAS ORDINARIAS**Critérios sobre agrupamentos flexibles.**

- Aquel alumno que presente desfase curricular nunha ou varias áreas, poderá asistir a un grupo-clase cun nivel inferior, sempre e cando exista unha coordinación entre o seu titor de referencia e o profesor/a que imparta o área na cal presenta dito desfase. Ademais de levar a cabo esta medida, será necesario tomar como referencia os obxectivos, contidos e criterios de avaliación do seu Plan Específico personalizado.
- Cando se decida a asistencia a un agrupamento con niveis inferiores, terase que analizar que exista correlación entre o desenvolvemento do alumno/a e o do grupo-clase de destino.
- Cando exista nunha aula entre un 25% e un 40% de alumnos/as que precisen reforzar contidos, contemplarase a posibilidade de realizar o seguinte agrupamento:
 - Grupo de Reforzo.
 - Grupo de Perfeccionamento, as actividades consistirán en perfeccionar contidos xa tratados coa totalidade do grupo-clase.

Critérios sobre reforzos.

- Cando o alumno/a non teña desfase curricular, sería conveniente que o reforzo o recíbese por parte do profesor/a do grupo.
- No caso de que exista desfase curricular significativo, e non poida ser atendido pola PT, poderá dar o reforzo ordinario calquera profesor/a do centro.

- Os reforzos ordinarios serán propostos polo titor ou profesor da materia na ESO, no caso de aqueles alumnos/as que non sexan considerados de necesidades educativas específicas.

Criterios sobre ELE (enseñanza da lingua española e galega).

- Cando se precise inmersión lingüística e o horario de PT estea completo poderán ser atendidos por calquera profesor do centro.

Criterios sobre profundización e enriquecemento.

- Cando exista un grupo de alumnos/as cuxo ritmo de aprendizaxe sexa superior ao dos seus compañeiros de aula, poderanse elaborar actividades de ampliación para os contidos abordados na unidade didáctica. Estas actividades non poderán facer referencia a contidos de cursos superiores para evitar que se poida provocar unha desmotivación no alumno/a cando suba de nivel.

4.3. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Criterios sobre o plan individualizado de traballo/ACI

- O plan de traballo para os alumnos/as con necesidades educativas especiais (T.G.D., TDAH, trastornos graves da conducta, discapacidade física, intelectual ou sensorial), deberá conter a adaptación curricular para ditos alumnos/as.
- A avaliación destes alumnos/as realizarase tomando en consideración os obxectivos, competencias básicas e criterios de avaliación que se determinen no seu plan de traballo.
- Nas actas deberase especificar este aspecto co termino ACI
- A familia e o alumno/a deberán coñecer todo o relativo ao seu plan de traballo e adaptación curricular individualizada.

Criterios sobre sobredotación intelectual.

- Proporase esta medida sempre e cando o alumno/a demostre un rendemento excepcional en todas as áreas asociado a un desenvolvemento equilibrado persoal e social.
- A decisión sempre será reversible.
- Na avaliación psicopedagóxica deberase xustificar a adecuación desta medida dende a súa contribución ao equilibrio persoal e á socialización.

- Para anticipar un curso en Educación Primaria deberá ter conseguidos os obxectivos do ciclo.
- Para anticipar a Educación Primaria deberá ter conseguidos os obxectivos da Educación Infantil.
- Para anticipar a Educación Secundaria deberá ter conseguidos os obxectivos da Educación primaria.

4.4. MEDIDAS DE ASESORAMENTO ESPECIALIZADO

Asesoramento especializado a familias

- Asesorarase ás familias cuxos fillos/as sexan *acneaes*, no momento previo e posterior á realización da avaliación psicopedagóxica, e sempre e cando se modifique significativamente a situación do alumno/a.
- Asesorarase ás familias, sempre que estas o soliciten, e o farán a través da xefatura de estudos ou do titor de referencia.
- O horario de atención a familias será o que consta na P.X.A.
- Aproveitaranse as charlas informativas programadas para a escola de familias, para dar a coñecer a estas información que se considera pertinente, a raíz da análise de situacións e problemáticas concretas expostas polo profesorado.

Asesoramento especializado ao alumnado

- Informarase ao alumnado de sexto de Educación Primaria no terceiro trimestre do curso sobre as principais diferenzas entre a educación primaria e secundaria dentro do Programa de transición a secundaria.
- Farase un asesoramento grupal para conseguir que adquiren nocións básicas sobre técnicas de estudo.
- O alumnado que presente dificultades específicas de aprendizaxe, recibirá atención por parte do DO, e se lles explicará como mellorar aqueles procesos cognitivos que inflúen nas súas aprendizaxes.
- O alumnado de 3º e 4º da ESO recibirá asesoramento sobre orientación académica e profesional dentro do POPV.
- Aqueles alumnos/as que necesiten asesoramento poderán solicitalo en calquera momento poñéndose en contacto con calquera membro do DO.

Asesoramento especializado ao equipo directivo

- Farase unha revisión da memoria final de curso, para analizar as propostas de mellora expresadas polo equipo directivo, para asesorarlles ao respecto.
- Realizaranse propostas ao equipo directivo en base ás necesidades educativas que se vaian detectando.
- Darase asesoramento especializado en aqueles aspectos que sexan requiridos.

Asesoramento especializado aos órganos de coordinación docente

- Asesorarase ao equipo de ciclo en todos aqueles aspectos de mellora reflexados nas súas memorias. Para iso poderanse utilizar as reunións de C.C.P. para informar ao respecto.
- Asegurarase, mediante os procedementos oportunos, a continuidade educativa a través das distintas áreas, ciclos e etapas, facendo especial fincapé no paso de educación infantil a primaria e desta última a educación secundaria. Para iso a xefa do DO deberá estar presente nas reunións interciclo.
- Analizarase o perfil do alumnado de cada nivel educativo, para dar información ao titor de como cubrir as necesidades educativas detectadas.
- Asesorarase ao profesorado que teña nas súas aulas alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, de cómo levar a cabo as orientacións propostas nos informes psicopedagóxicos.

Asesoramento curricular e normativo

- Informarase sobre materiais curriculares e referentes bibliográficos que poidan utilizarse para traballar aspectos concernentes ao proceso de ensino-aprendizaxe.
- Irase informando a través dos claustros de toda a normativa referida ás medidas de atención á diversidade.
- Asesorarase sobre como elaborar aqueles documentos aos que se fai referencia na dita normativa.
- Asesorarase sobre como elaborar adaptacións curriculares individualizadas, así como plans de traballo individualizados.

Asesoramento en formación

- Asesorarase sobre aquelas actividades formativas realizadas nos Centros de Profesores/as ou asociacións, sempre que os contidos a impartir satisfagan as necesidades educativas do alumnado.
- Formarase, aproveitando as horas complementarias, sobre cuestións concernentes á mellora dos procesos de ensino-aprendizaxe.

4.5. COORDINACIÓN SOCIOEDUCATIVA

Coordinación con outras estruturas de orientación

- Intercambiar información cos Departamentos de orientación e os DO doutros centros que tiveran escolarizados a alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ou que vaian a recibilos procedentes do noso centro.
- Facilitar ou solicitar información e materiais específicos con respecto a aqueles programas de intervención que se estean levando a cabo en determinados centros educativos e que se consideren adecuados para poñelos en práctica no colexio.
- Os acordos tomados nas reunións cos DO da zona daranse a coñecer nas reunións do Claustro de Profesores/as.

Coordinación con outros servizos

- Mediante a Wiki do DO e as ferramentas colaborativas de Google, intercambiaranse materiais e experiencias relacionados coas titorías, Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, e chegaranse a acordos á hora de elaborar os informes trimestrais que se entregan aos titores e as familias sobre as actuacións levadas a cabo cos alumnos /as atendidos por estes profesionais.
- Contarase cos servizos sociais cando se detecten problemas de absentismo, exclusión social, posibles malos tratos, acoso, etc., para propoñer un plan de intervención socioeducativo conxunto.
- No caso de ter matriculado a algún alumno que por enfermidade precise apoio do Equipo de atención hospitalario e domiciliario, contarase con eles e facilitarase os informes sobre o nivel de competencia curricular dos alumnos/as e as orientacións metodolóxicas que se seguiran con eles.

- Contactarase cos equipos de asesoramento e apoio especializado ubicados nos centros de educación especial, cando se precise información específica sobre tecnoloxías da información e comunicación, sistemas alternativos de comunicación, materiais de acceso ao currículo... etc.

Coordinación con outras institucións

- Contactarase con determinadas asociacións como ABERTAL, AUTISMO GALICIA, AMHIDA, etc., cando o noso alumnado teña necesidades que poidan ser cubertas polas citadas asociacións.

4.6. CRITERIOS SOBRE MEDIDAS DE TITORÍA

- Cando se traballe en grupo, procurarase que estes sexan heteroxéneos.
- Fomentarase o traballo cooperativo entre os alumnos/as do mesmo grupo, evitando que xurda a competitividade entre os grupos restantes. Para iso teranse en conta as distintas técnicas de aprendizaxe cooperativo (técnica do crebacabezas, proxectos de investigación, TAI, aprendizaxe titorado...).
- Aqueles alumnos/as que presenten problemas emocionais deberán ser atendidos con carácter individualizado polo titor, co asesoramento do DO. Analizarase a conveniencia ou non de solicitar a colaboración doutras entidades ou asociacións concretas.
- Para aqueles alumnos/as que se incorporen de forma tardía, deberanse utilizar técnicas de dinámica de grupos que favorezan a integración do alumno/a no aula, así como actividades que eliminen estereotipos ou prexuízos cara determinadas razas ou etnias.
- Sempre que o titor detecte que un alumno/a posúa algún tipo de dificultade no proceso de aprendizaxe ou de integración no grupo, porase en contacto coas familias para recabar toda a información necesaria para axudar a resolver o problema. O titor informará ao DO, e valorarase a conveniencia de levar a cabo unha avaliación psicopedagóxica no caso de que a medida anterior non sexa suficiente.
- Cando se manteñan reunións en gran grupo coas familias dos alumnos/as, non se ofrecerán datos persoais de ningún alumno/a en concreto.
- O titor deberá contrastar a información aportada por calquera profesor/a con respecto a un alumno/a ou grupo, para comprobar se a conducta ou rendemento destes é igual con todos eles.

- O titor baixo o asesoramento do DO coordinará a todos os profesores/as dun mesmo grupo para que adoiten as mesmas técnicas de modificación de conducta, así como idénticas sancións en función do incumprimento dalgunha norma.
- Ás familias do alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo ofreceráselles a información necesaria en canto a: horario, bolsas de libros, actividades extraescolares, normas de centro e calendario escolar. Asemade, a aquelas familias con descoñecemento do galego e castelán, se lles intentará dar traducida a información, e en caso de non ser posible, daráselles unha copia impresa en galego.



5.

Colaboración e Coordinación

Unha das características máis importantes do noso centro dende a transferencia a Consellería de Educación e Cultura é a súa apertura á comunidade. Non só facemos un esforzo notable por amosar as nosas actividades e compartilas coas familias e a localidade en xeral, senón que imos máis alá e xeramos todo tipo de contidos, actividades e proxectos e os poñemos a disposición de todos/as a través da nosa páxina web en internet e todo os seus blogs e canles asociados.

Somos un centro aberto a todos porque entre todos podemos melloralo e, ao final, os beneficiados somos nós mesmos. Esta actitude permítenos mostrar orgullosos o labor que desenvolvemos no colexio.

Polo tanto, os criterios que seguemos á hora de colaborar coas institucións, centros e servizos son poucos e moi claros:

- Que a colaboración aporte valor engadido ao centro. É dicir, que nos reporte un beneficio a calquera nivel, xa sexa de tipo académico, cultural, económico ou, simplemente, de aprendizaxe e posta en marcha de novas ideas ou proxectos.
- Que a contraprestación non inflúa negativamente no status actual do colexio, nin no seu clima de convivencia, nin nos seus recursos e instalacións.

O procedemento utilizado para tomar unha decisión sobre a posible colaboración cunha institución ou servizo é moi simple, seguíndose estes pasos:

1. A proposta faise chegar ao equipo directivo do colexio que é o responsable de iniciar o procedemento.
2. Se o equipo directivo considera que cumpre cos criterios antes mencionados, é enviada ao órgano competente para o seu debate (equipo de ciclo, CCP, DO, Claustro de Profesores ou Consello Escolar do Centro).
3. Unha vez debatida e aprobada por maioría suficiente, éntrase en contacto coa institución para coordinar a colaboración en tempo e forma.
4. Finalmente, realizase un informe para a Memoria de Fin de Curso e, se convén e é posible continuar durante o vindeiro curso con ela, propónse como mellora para incluír na Programación Xeral Anual.

De todas formas e salvo servizos ou institucións cuxos intereses son puramente

económicos ou non están suficientemente claros, a colaboración realízase fundamentalmente coas seguintes institucións:

- **Xunta de Galicia**

Loxicamente, o centro manterá todas aquelas relacións que se precisen coa Consellería de Educación e Cultura en xeral, e coa Delegación Provincial de Educación en particular, así como con todas aquelas seccións que as conforman, para procurar que todas as necesidades do centro se convertan en realidade.

Do mesmo modo establécense puntualmente colaboracións con outras consellerías para temas como actividades extraescolares, concursos, web, menores etc.

- **Concello**

A relación co Concello é tamén primordial para o centro, dado que é o encargado do seu mantemento e o responsable dos espazos polideportivos, ademais de facilitarnos as infraestructuras e servizos necesarios para moitas das nosas actividades extraescolares, apoio económico e técnico (policía local, servizos sociais, animación sociocultural, etc.). Grazas ao seu compromiso firme de colaborar co noso centro, como no caso dos convenios establecidos coa asociación ADEAC, de cara a converternos nunha ecoescola. No Consello Escola do Centro están representados pola **concalleira** de .

- **Biblioteca e Escolas Deportivas**

Inda que dependentes tamén do Concello, estas institucións son motor das actividades extraescolares do centro no tempo non lectivo. Algunhas destas actividades comparten o espazo do noso centro o que fai que un grupo do noso alumnado asista gratuitamente a estas actividades. Un apartado da Programación Xeral Anual, leva as actividades do Concello como complemento das nosas.

- **Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as**

Fundamental para o centro. O seu traballo e o seu apoio constante permítenos ampliar o canle de colaboración coas familias do alumnado e mellorar o servizo que prestamos á comunidade educativa. Participan das nosas actividades, mellorándoas co seu apoio persoal e económico e organizan para o centro e as familias moitas máis actividades en base a un proxecto anual que é aprobado polo Consello Escolar do Centro.

Eles beneficiáanse tamén das nosas infraestructuras, e asesoramento técnico. Contan tamén con dous membros no Consello Escolar do Centro.

- **Relacións coas empresas da localidade**

Cun nivel bastante alto, as relacións coas empresas da localidade é tamén cordial e fundamental para que os alumnos coñezan moitos aspectos da vida económica do seu pobo e o alumnado do PCPI poida realizar as súas prácticas.

- **Outros centros escolares e institutos**

Non somos o único centro escolar da localidade e a nosa relación é moi cordial. Coa Escola de Educación Infantil “As Dunas” compartimos orientadora e determinados proxectos como o Proxecto ECOESCOLA.

Pero, grazas a internet, o noso centro ten relación con centros de todo o país que nos visitan a diario e nos comentan as súas apreciacións sobre o que facemos e facilitánnos material para mellorar a nosa práctica docente. Na época que vivimos, onde a comunicación a través das redes telemáticas está á orde do día, o noso centro non pode estar illado, senón que, dende un primeiro momento, participa e colabora en todos aqueles foros que poidan axudarnos a mellorar a calidade do servizo educativo que prestamos a nosa comunidade educativa en particular e á educación, en xeral.

- **Centro de Formación Profesorado (CFR)**

Moi importante para a formación do profesorado e como centro de recursos para o noso labor docente diario. A súa programación de cursos, seminarios, xornadas, conferencias, Grupos de traballo e Proxecto de Formación en Centros que vemos desenvolvendo dende hai anos no centro facilita o noso labor de formación. O mesmo ocorre coas modalidades presenciais nas súas instalacións, e a través de cursos *online* mediante internet.

Cando o centro desenvolve algún grupo de traballo específico ou proxecto de formación en centros (PFAC), a relación faise mais estreita a través dun asesor do propio CFR que supervisa o traballo realizado, aportando ao grupo o que necesite para levar a bo porto dito traballo.

O CFR é tamén correa de transmisión das iniciativas que pon en marcha a Consellería de Educación e Cultura nos centros escolares, formando ao profesorado en aqueles programas que son de aplicación obrigatoria para os colexios.



6.

**Compromisos e
Rendemento
Escolar**

O Consello Escolar do Centro na reunión ordinaria de de de 20 , aprobou o primeiro documento que formaba parte deste renovado Proxecto Educativo do Centro.

A Comunidade educativa comprometése a promover cantas accións sexan necesarias para progresar na calidade do servizo educativo que presta o centro, co fin de mellorar o rendemento escolar dos alumnos/as que están matriculados no mesmo.


Este compromiso non só compete ao horario lectivo, senón tamén ao período no que o alumno/a asiste a actividades extraescolares en outras institucións e ao tempo que está na casa coa súa familia.

Para logralo, a comunidade educativa do colexio comprometése a:

- Coñecer, respectar e cumprir as Normas de Convivencia, Organización e Funcionamento do centro que se inclúen neste Proxecto Educativo do Centro.
- Coñecer e transmitir aos nenos/as os principios enumerados na Carta de Convivencia.
- Promover a responsabilidade, os bos hábitos de traballo, a observación e o espírito crítico a través dun ensino activo para que teñan conciencia, en todo momento, da realidade que lles rodea.
- Fomentar o interese por coñecer, descubrir e interactuar co entorno, propiciando situacións de aprendizaxe significativa e participativa.
- Plantexar interrogantes a partir da experiencia diaria que lles permitan preguntarse polo que pasa ao seu redor, favorecendo respostas creativas a ditos problemas.
- Participar activamente na vida do centro, atendendo aos requerementos dos mestres/as e respectando as súas decisións, realizando observacións e críticas constructivas que permitan mellorar o noso traballo en beneficio dos alumnos/as.
- Avaliar con equidade o rendemento dos alumnos/as, atendendo non só aos seus resultados académicos, senón tamén as súas características persoais, ao seu comportamento, actitude, esforzo e hábitos de traballo.
- Promover a autonomía e a toma de decisións para que recoñeza o valor de equivocarse e rectificar, de aprender, en suma.
- Fomentar a formación continua para mellorar a nosa adaptación á realidade que

nos toca vivir e que teremos de explicar aos nosos fillos/as, de forma que sempre vaiamos un paso por diante deles e saibamos aconsellos adecuadamente.

- Utilizar metodoloxías que promovan o interese e o gusto por aprender, implicando ao propio alumno no seu proceso de aprendizaxe para que se sinta protagonista do mesmo.
- Colaborar, na medida das nosas posibilidades, na xestión económica do centro, permitindo a súa modernización e a actualización dos seus servizos e materiais.



7.

Xornada Escolar

O centro posúe xornada continuada, o que nos permite ampliar e mellorar a formación dos nosos alumnos/as ao compatibilizar moito mellor a xornada lectiva coas actividades extraescolares e o estudo na casa, aproveitando a programación de actividades da Biblioteca Municipal, a Escola de Música e a Escola Deportiva de Nigrán.

A xornada escolar comprende a suma do horario lectivo mais o horario complementario do profesorado e a atención ás familias.

O centro permanece aberto en sesión continua de mañá, de luns a venres, segundo o seguinte cadro horario:

Horario Lectivo PRIMARIA	
	Curso 2012-13
1ª sesión	09:00 – 09:50
2ª sesión	09:50 – 10:40
3ª sesión	10:40 – 11:30
Recreo	11:30 – 12:00
4ª sesión	12:00 – 12:20 (HORA DE LER)
5ª sesión	12:20-13:10
6ª sesión	13:10 – 14:00
Horario Lectivo SECUNDARIA	
	Curso 2012-13
1ª sesión	09:00 – 09:50
2ª sesión	09:50 – 10:40
3ª sesión	10:40 – 11:30
Recreo	11:30 – 12:00
4ª sesión	12:00 – 12:50
5ª sesión	12:50 – 13:40
6ª sesión	13:40-14:30

O horario complementario do profesorado e a hora de atención ás familias establécese ao comezo do curso na primeira reunión ordinaria do Claustro de Profesores/as, utilizando a seguinte distribución, aprobada nas Normas do Centro:

Horario Complementario	
	Setembro/Xuño
4 horas semanais	Martes 16:00 – 19:00
	Martes 14:00 – 15:00

Horario de Atención ás Familias PRIMARIA

1 hora semanal	Curso 2012-13
	Martes 17:00 – 18:00

Horario de Atención ás Familias SECUNDARIA

	Curso 2012-13
1ª ESO	
2º ESO	
3º ESO	
3º ESO	
4º ESO	
1º PCPI	



8.

Servizos Complementarios

O centro conta con servizo complementario de comedor para uso compartido co alumnado do CEE de Panxón e o alumnado da Escola de Educación Infantil “As Dunas”, tamén conta con servizo de transporte dende o ano 2009-10.



9.

Plan de Autoavaliación

O plan de Autoavaliación ten como finalidade conseguir un mellor coñecemento da práctica educativa e do contexto no que se desenvolve para que dende o exercicio da autonomía pedagóxica e organizativa, se estableza unha avaliación que axude á comunidade educativa a mellorar a calidade dos procesos de ensino-aprendizaxe, a organización e funcionamento dos centros, as relacións co entorno e a propia formación dos docentes e das familias.

Esta avaliación interna, definida como un Plan de Avaliación continuado cunha temporalización establecida en 3 anos, está dirixida a valorar a actividade do centro docente no seu conxunto e organizase en torno aos seguintes ámbitos de actuación:

- O proceso de ensino e aprendizaxe.
- A organización e funcionamento.
- As relacións co entorno.
- Os procesos de avaliación, formación e innovación.

O equipo directivo é o encargado de planificar o proceso de avaliación anualmente de forma coherente, concretando os ámbitos e dimensións que se van a avaliar na Programación Xeral Anual.

As conclusións e as propostas de mellora recolleranse ao finalizar o curso na Memoria Anual que se remite ao Servizo de Inspección.

A avaliación lévase a cabo mediante diversos procedementos (cuestionarios, enquisas, debates, etc.) que permiten obter unha información detallada da realidade a avaliar, a partir das opinións e valoracións dos diferentes membros da comunidade educativa.

Os resultados de dita avaliación confróntanse cos obtidos anos atrás para comprobar o grao de evolución dos indicadores, permitíndonos tomar decisións que nos axuden a mellorar a calidade do servizo educativo que proporcionamos á comunidade.

En canto á avaliación do proceso de ensino e aprendizaxe de cada unha das áreas, os órganos de coordinación docente, revisan de maneira continuada durante o curso, o nivel de adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación establecidos nas programacións didácticas aos resultados obtidos polos alumnos/as, proporcionando un impulso continuado que asegure a coordinación entre os distintos niveis e ciclos.

Na páxina seguinte axuntamos o cadro onde se mostran os diferentes ámbitos, e dimensións a avaliar e a súa distribución nos tres anos que dura cada plan.

ÁMBITOS	DIMENSIÓNS	SUBDIMENSIÓNS	CURSOS		
			1	2	3
Proceso de Ensino e Aprendizaxe	Condições materiais, persoais e funcionais.	Infraestructuras e equipamento.	x		
		Plantilla e características dos profesionais.	x		
		Características do alumnado.	x		
		A organización dos grupos e a distribución de tempos e espazos.	x		
	Desenvolvemento do currículo	Programacións didácticas de Áreas e Materias			x
		Plan de Atención á Diversidade			x
		Plan de Acción Titorial e Plan de Orientación Académica e Profesional			x
Resultados escolares do alumnado			x		
Organización e Funcionamento	Documentos programáticos			x	
	Funcionamento do centro docente	Órganos de goberno, de participación no control e a xestión, e órganos didácticos.			x
		Administración, xestión económica e dos servizos complementarios			x
		Asesoramento e colaboración			x
	Convivencia e colaboración		x		
Relacións co Contorno	Características do Contorno		x		
	Relacións con outras institucións		x		
	Actividades extracurriculares e complementarias.			x	
Procesos de avaliación, formación.	Avaliación, formación, innovación e investigación.				x

Don Santiago Pascual Buyé, como secretario do colexio e do Consello Escolar do Centro do C.P.I de Panxón.

CERTIFICO:

Que segundo se desprende da acta da reunión ordinaria do Claustro de Profesores do Centro, de data de de 2012, o presente Proxecto Educativo do Centro foi informado.

Que segundo se desprende do acta da reunión ordinaria do Consello Escolar do Centro, de data de de 2012, o presente Proxecto Educativo do Centro foi aprobado polo Consello Escolar do Centro (axuntase copia literal do acta de aprobación).

En Panxón, a de de 2012

O Secretario do Centro e
do Consello Escolar do Centro

Vº Bº O Director do Centro e
Presidente do Consello Escolar do
Centro

Fdo.: D. Alejandro Rouco castiñeira

Fdo.: D. Santiago Pascual Buyé

Este Proxecto Educativo do Centro entrará en vigor o día de de 2012,
derogando o anterior.

